

RÉXIME E MODALIDADES

- ❖ PRESENCIAL ORDINARIO
- ❖ PRESENCIAL ADULTOS OU MODULAR
- ❖ ADULTOS A DISTANCIA

- ❖ INFORMES DE PROXECCIÓN DE TRABALLO NO FUTURO, 65 % CM NO EE
- ❖ REDUCE A FENDA DIXITAL
- ❖ VALORA OS PRODUTOS, ABRE MERCADOS
- ❖ AXENTES DE CAMBIO

**FAMILIA PROFESIONAL 3
AGRARIA
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS
SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE**

**MÓDULOS PROFESIONAIS
FP GRAO BASICO = ENSINO OBRIGATORIO**

ONDE ATOPAR OS FOLLETOS INFORMATIVOS???


**NOS CENTROS
NA PÁXINA WEB DA CONSELLERÍA**

<http://www.edu.xunta.gal/fp/folletos-informativos-mapa-oferta-fp>

ONDE PODES SABER DE NÓS?

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cifpgranxa/>
INSTAGRAM, FACEBOOK

- FP:
- A. EDUCACIÓN MÁIS ADAPTADA ÁS NECESIDADES DA CONTORNA**
 - B. PROFESIONALIZARSE SEN ABANDONAR Á ZONA**
 - C. GRATUIDADE, RURAL RENDAS BAIXAS**
 - D. CREADORA DE EMPREGO**
 - E. EMPRENDER NO EIDO SOCIAL**
 - F. ERASMUS EN TOODOS OS CICLOS NO 2º curso/titulación**



CB Agroxardinaria e composicións florais

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:


- Peón agrícola.
- Peón agropecuario.
- Peón en horticultura.
- Peón en fruticultura.
- Peón en cultivos herbáceos.
- Peón en cultivos de flor cortada.
- Peón de xardinaria.
- Peón de viveiro.
- Peón de centros de xardinaria.
- Peón de campos deportivos.
- Peón de floraría
- Auxiliar de floraría
- Auxiliar de almacén de flores.



ENSINO OBRIGATORIO

MÓDULOS

- 1º AM3009 Ciencias aplicadas I 175
- 1º AM3011 Comunicación e ciencias sociais I 206
- 1º MP3051 Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos 117
- 1º MP3053 Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría 175
- 1º MP3055 Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes 117
- 1º MP3056 Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes 120
- 2º MP3050 Actividades de rega, fertilización e tratamentos en cultivos 157
- 2º AM3059 Ciencias aplicadas II 162
- 2º AM3012 Comunicación e ciencias sociais II 135
- 2º MP3058 Formación en centros de traballo 320
- 2º MP3057 Materiais de floraría 119
- 2º MP3054 Operacións auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas 135



GRAO MEDIO

Xardinaría e floraría

Que se aprende a facer?

A instalar, conservar e restaurar xardíns de exterior e interior, así como pradarías para uso deportivo, e realizar as actividades de produción de planta e de floraría, manexando e mantendo a maquinaria e as instalacións, consonte a normativa ambiental, de control de calidade e de prevención de riscos laborais.

Que ocupacións se desempeñan?

Traballador/ora de hortas, viveiros e xardíns; xardineiro/a en xeral; xardineiro/a cuidador de campos de deporte; traballador/ora de parques urbanos e de xardíns históricos e botánicos; traballador/ora cualificado/a na instalación de xardíns e zonas verdes; traballador/ora cualificado/a en mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes; traballador/ora cualificado/a por conta propia en empresa de xardinaría; viveirista; traballador/ora en viveiros en xeral; traballador/ora cualificado/a en propagación de plantas en viveiros; traballador/ora cualificado/a en cultivo de plantas en viveiros; traballador/ora especialista en recolección de sementes e froitos en altura; traballador/ora cualificado/a en produción de sementes; enxertador/ora, traballador/ora cualificado en viveiros; florista por conta propia ou allea; oficial de floraría; vendedor/ora de floraría.

GRAO MEDIO

Producción agroecolóxica

Que se aprende a facer?

Realizar as actividades axeitadas para a obtención de produtos agropecuarios ecolóxicos con técnicas agrícolas e gandeiras, para a mellora da biodiversidade e da estabilidade do medio, e da fertilidade do solo, en condicións de calidade e aplicando a regulamentación de produción ecolóxica, de benestar animal, de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

Que ocupacións se desempeñan?

Traballador/ora cualificado/a por conta allea e por conta propia en cultivos e en gandería ecolóxica, agricultor/ora ecolóxico/a, criador/ora de gando ecolóxico, avicultor/ora ecolóxico/a, apicultor/ora ecolóxico/a, produtor/ora de leite ecolóxico, produtor/ora de ovos ecolóxicos, viveirista ecolóxico/a, e operador/ora de maquinaria agrícola e gandeira.

GRAO MEDIO

Aceites de oliva e viños


DUAL

Que ocupacións se desempeñan?

Bodegueiro/eira, elaborador/ora de viños, cavas, sidra e outras bebidas e derivados. Mestre/a de lagar, extracción e refinamento de aceites de oliva. Recepcionista de materias primas. Operador/ora de sección de embotellamento e/ou envasamento. Auxiliar de laboratorio en lagares e adegas. Auxiliar de control de calidade en lagares e adegas. Comercial de lagares e adegas.

Que se aprende a facer?

Elaborar e envasar aceites de oliva, viños e outras bebidas de acordo cos plans de produción e calidade, efectuando o mantemento de equipamentos e aplicando a lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.






Bolsa

Mínimo a metade do SMI cada mes
ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL



Modalidade FP Dual **CICLO COMPLETO**

Grao Medio **XARDINARÍA E FLORARÍA**



Grao Medio **ACEITES DE OLIVA E ELABORACIÓN DE VIÑOS**



Grao Superior de **XESTIÓN FORESTAL E MEDIO NATURAL**



GRAO SUPERIOR

Xestión forestal e do medio natural

da natureza.

Que se aprende a facer?

Programar, organizar, supervisar e realizar, de ser o caso, os traballos no monte e en viveiros, controlando e protexendo o medio natural e capacitando as persoas para a conservación e a mellora ambiental, con aplicación dos plans de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental, de acordo coa lexislación.




Que ocupacións se desempeñan?

Encargado/a de empresas de repoboacións forestais, de corrección hidrolóxico-forestal e de inventario forestal, de tratamentos silvícolas, de loita contra pragas forestais, de construción e mantemento de camiños forestais, de aproveitamentos forestais e de turismo cinexético-piscícola; coordinador/ora de unidade de prevención e extinción de incendios forestais, de vixiantes de incendios forestais e de vixilancia rural; traballador/ora por conta propia en reforestación, tratamentos silvícolas e contra pragas e enfermidades forestais; práctico/a de topografía, capataz forestal, encargado/a de propagación de plantas en viveiro, de recolección de sementes e froitos en altura, de actividades de asistencia técnica para planificar e realizar o seguimento e adecuación dos habitats acuícolas continentais e das especies cinexéticas, de repoboacións cinexéticas, piscícolas e astacícolas, de parque natural, reserva de caza, coto, etc, na administración de universidades e centros de investigación, traballador/ora en control legal de cazadores, xestor/ora cinexético/a, axente forestal, garda de espazos naturais, traballador/ora ambiental, monitor/ora



GRAO SUPERIOR

Paisaxismo e medio rural



Proxectos de xardíns e zonas verdes, e a xestión da produción de plantas e da produción agrícola, supervisando os traballos, programando e organizando os recursos materiais e humanos dispoñibles, aplicando criterios de rendibilidade económica e cumprindo a normativa ambiental, de produción ecolóxica, de produción en viveiro, de control de calidade, de seguridade alimentaria e de prevención de riscos laborais.

Que ocupacións se desempeñan?

Técnico en xardinaría; deseñador de zonas axardinadas que non requiran a redacción dun proxecto; encargado da instalación de parques, xardíns e áreas recreativas urbanas e periurbanas, de mantemento, conservación e restauración de xardíns e parques (áreas recreativas urbanas e periurbanas, e medio natural), de obras de xardinaría e restauración da paisaxe, de podas e operacións de cirurxía arbórea, de viveiros en xeral, de propagación e cultivo de plantas en viveiro, de colleita de sementes e froitos en altura, de produción de sementes e terróns de céspede, de almacén de expedicións de plantas, terróns de céspede e/ou sementes; traballador por conta propia en empresas de xardinaría e restauración da paisaxe; xestor de produción agrícola, tanto convencional como ecolóxica, por conta propia ou allea; responsable de almacén agrícola, de equipamentos de tratamentos terrestres; encargado ou capataz agrícola de hortas, viveiros e xardíns, en xeral.



GRAO SUPERIOR Vitivinicultura



Que se aprende a facer?

Organizar, programar e supervisar a produción na industria vitivinícola controlando a produción vitícola e as operacións de elaboración, estabilización e envasamento de viños e derivados, aplicando os plans de produción, calidade, seguridade alimentaria, prevención de riscos laborais e protección ambiental, consonte a lexislación.



Que ocupacións se desempeñan?

Técnico/a vitivinícola. Encargado/a de proceso de destilación e rectificación. Encargado/a de recepción de mostos frescos e sulfitados. Supervisor/ora de columnas de destilación e concentración. Encargado/a da liña de envasamento de destilados, concentrados e vinagres. Encargado/a de avellentamento e crianza de destilados e vinagres. Técnico/a en análise sensorial.



GRAO SUPERIOR Procesos e calidade na industria alimentaria

Que se aprende a facer?

organizar e controlar os procesos de elaboración de produtos alimentarios programando e supervisando as operacións e os recursos materiais e humanos necesarios, aplicando os plans de produción, calidade, seguridade alimentaria, prevención de riscos laborais e protección ambiental, de acordo coa lexislación.

Que ocupacións se desempeñan?

Xefe/a de liña, de planta de fabricación, de sección ou de almacén; xefe de quenda; supervisor/ora de equipamentos, procesos e produtos; encargado/a de produción; encargado/a de elaboración de novos produtos e desenvolvemento de procesos; técnico/a en análise de alimentos; técnico/a en análise sensorial; técnico/a en laboratorio de control de calidade; inspector/ora ou auditor/ora de calidade; encargado/a da xestión da seguridade alimentaria; encargado/a de aprovisionamentos; encargado/a da liña de envasamento e embalaxe; encargado/a de control ambiental e seguridade laboral; técnico/a comercial.



GRAO SUPERIOR

Educación e control ambiental

Que se aprende a facer?

Sensibilizar e educar a poboación, promovendo actitudes que contribúan á conservación e mellora do medio, informando sobre os seus valores e os problemas ambientais, capacitando para unha correcta toma de decisións, deseñando actividades para o seu coñecemento e un uso baseado en principios de sustentabilidade, así como realizar accións de xestión ambiental para controlar e protexer o medio, aplicando a normativa.



INSTALACIONES COMÚNS



INSTALACIÓNS COMÚNS



Taller mecanización

INSTALACIÓNS COMÚNS



Taller forestal



Taller agrario

INSTALACIÓNS COMÚNS



Laboratorio agrario



Simulador forestal



Invernaderos



Que ocupacións se desempeñan?

Educador/ora ambiental, informador/ora ambiental, monitor/ora de educación ambiental, documentalista ambiental, guía ambiental, programador/ora de actividades ambientais, monitor/ora de campañas ambientais, guía-intérprete do patrimonio natural, profesional do servizo de xestión ambiental, profesional do servizo de ambiente, técnico/a en control de espazos naturais, monitor/ora da natureza, axente ambiental ou similar, monitor/ora de equipamentos ambientais.





CIFP A GRANXA
CICLO MEDIO XÁRDINARÍA E FLORARÍA



CIFP A GRANXA
CICLO MEDIO DE PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA

Con posibilidade de cursar en modalidade Dual



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS FORMATIVAS

CONVIVENCIA

IGUALDADE

MOITAS GRAZAS!!